



M^a Luisa Boquete Pumar secretaria do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, na súa reunión do vinte de abril de dous mil vinte e dous, aprobou o seguinte acordo:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

Segundo o disposto no artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), a Agader é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Lei 11/2021, entre as competencias da axencia figuran as seguintes:





- *Deseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.*
- *Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.*
- *Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.*
- *Contribuír ao reforzo do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.*
- *Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes.*

No marco das citadas competencias, e dentro das súas accións estratéxicas, a Agader vén apoiando, mediante axudas públicas directas a través de convenios, baixo a denominación de proxectos senlleiros, diversas actuacións por entender que concorren nelas características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.





Coa finalidade de prever con carácter xeral os requisitos para a concesión dese tipo de axudas, apróbanse as seguintes regras de tramitación para as axudas do Programa de Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Este programa fixa o marco de referencia para a tramitación dos proxectos senlleiros, a través das seguintes regras:

1.- Concepto de proxectos senlleiros.

Proxectos senlleiros son as actuacións sobre elementos e realidades do medio rural merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á consecución de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación rural e promover a fixación desta nas áreas rurais.

2.- Obxectivos dos proxectos senlleiros.

A execución de proxectos senlleiros ha de contribuír a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio que habita nel mediante a consecución dalgún dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.*
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.*
- Fomento da recuperación e posta en valor da terra agraria.*
- Promoción dos produtos e a actividade agraria da zona.*
- Dinamización da vida socioeconómica e cultural da zona.*
- Mellora da relación social dos veciños.*





- *Revalorización de infraestruturas e inmobles desaproveitados.*
- *Creación de produtos innovadores vinculados ao patrimonio inmaterial.*
- *Mellora dos tecidos culturais, educativos e produtivos.*
- *Xeración de riqueza e emprego.*
- *Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.*
- *Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.*

3.- Categorias de proxectos senlleiros.

Os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes.

A) Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, ou por teren un marcado significado histórico para a comarca na que se sitúan, por pertencer a correntes artísticas recoñecidas, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características tradicionais, priorizando o seu uso tradicional.*

B) Fomento da recuperación e posta en valor da terra agraria.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:





- a. *Promover a revitalización económica e social das aldeas modelo.*
- b. *Apoiar actividades económicas desenvolvidas nos polígonos agroforestais.*
- c. *Favorecer as permutas de especial interese agrario e outros instrumentos ou procedementos de mobilización de terras.*

C) *Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.*

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. *Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.*
- b. *Actuar en relación ao patrimonio inmaterial da comarca para recuperalo, conservalo, protexelo, divulgalo ou desfrutalo.*
- c. *Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.*

D) *Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.*

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:





- a. *Actuar en contornas declaradas como zona de especial protección polos seus valores naturais ou que formen parte da Rede galega de espazos protexidos (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).*
- b. *Mellorar a restauración, a conservación, a protección, o coñecemento, a divulgación ou o uso sustentable do patrimonio natural.*

E) Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. *Facilitar a transformación ou comercialización de produtos agroalimentarios característicos dun ámbito territorial rural, en especial os amparados por denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.*
- b. *Potenciar a produción, a transformación e a comercialización dos produtos naturais, salvo a produción dos produtos do Anexo I do Tratado da UE, que identifican unha zona ou comarca e forman parte do seu tecido produtivo.*

4.- Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros.

As entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros serán as entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego:

- *Concellos*
- *Entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.*





- *Fundacións de interese galego que se atopen inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

5.- Ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros.

O ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- *Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.*
- *Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.*
- *Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.*
- *Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.*

Para o cómputo do número de habitantes das entidades singulares de poboación do territorio galego teranse en conta os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística (INE) correspondentes ao ano a que se refira a última estatística.

A execución de proxectos senlleiros procurará a coherencia e a complementariedade con outros programas da Agader.

6.- Instrumento de apoio dos proxectos senlleiros.





O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa, subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario uo outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con estes apoios resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, a través das distintas categorías de proxectos senlleiros e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional destes apoios e á vista das características concretas das distintas actuacións, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, o apoio financeiro aos proxectos senlleiros realizarase mediante subvencións directas e articularase a través de convenios individuais, conforme ao previsto na normativa de subvencións.

7.- Financiamento.

As actuacións serán financiadas con fondos propios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e imputaranse aos Capítulos VI e VII ata o límite das súas dispoñibilidades orzamentarias anuais.

As axudas concedidas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao amparo deste programa serán compatibles coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, ou para os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou entidade pública ou privada, nacional ou internacional, sempre que as axudas da axencia non acaden o 100% do investimento subvencionable.





8. Intensidade da axuda.

As axudas concederanse en forma de subvención directa. O importe máximo da subvención será do 100% do investimento subvencionable.

Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 62 e 63 do Regulamento de desenvolvemento desa lei, poderán realizarse pagamentos á conta e pagamentos anticipados.”

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Vº e praxe
O presidente

A secretaria do Consello de Dirección

José González Vázquez

Mª Luisa Boquete Pumar

